

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

NORMATIVA DE HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS EN GALICIA

Abril 2014



Índice da Normativa

Exposición de Motivos	3
NORMATIVA DE HOMOLOGACIÓN GALEGA	3
Capítulo 1	3
DA HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS E DOS ESTUDOS DE DEFINICIÓN DE SENDEIROS (EDS)	3
Art. 1.- Definición de Homologación	3
Art. 2.- Definición de Entidade Promotora	4
Art. 3.- O Proxecto de Sendeiro ou Estudo de Definición de Sendeiro (EDS). Contido mínimo	4
Art. 4.- O Proxecto de Sendeiro (EDS). Elaboración, supervisión e sinatura	6
Art. 5.- O Proxecto de Sendeiro (EDS). Normas e criterios que se terán en conta no estudo.6	
Art. 6.- Procedemento de Homologación de Sendeiros e Inspeccións de Homologación negativas.	8
Capítulo 2	9
DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE SENDEIROS (ITS)	9
Capítulo 3	10
DOS TÉCNICOS DE SENDEIROS DE GALICIA	10
Capítulo 4	12
DOS SENDEIROS SINALIZADOS CON MARCAS REXISTRADAS E INCUMPRINDO A NORMATIVA FEDERATIVA	12
Capítulo 5	12
DAS DESHOMOLOGACIÓN S	12
Capítulo 6	13
DAS TAXAS	13
Capítulo 7	13
ENTRADA EN VIGOR	13
DISPOSICIÓN S ADICIONAIS	13
Disposición Transitoria Primeira: para as rutas homologadas e vixentes no momento da aprobación da normativa	13
Disposición Transitoria Segunda: para as rutas en proceso de Homologación no momento da aprobación da normativa	14
ANEXO I. MIDE	15
ANEXO II. FORMATO INFORMÁTICO XEOGRÁFICO	27
ANEXO III. RUTAS HOMOLOGADAS OU EN PROCESO DE HOMOLOGACIÓN	28

Exposición de Motivos

Dende que, con data 15 de xaneiro de 2004, foi aprobado o “Manual de Senderos” pola Xunta da FEDME, a Federación Galega de Montañismo (en diante, FGM) encamiñou os seus esforzos a desenvolver unha normativa básica co fin de marcar as pautas para a realización de sendeiros e o seu mantemento no seu territorio competencial. Deste xeito, e tamén no ano 2004, publicou o “Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo”, complementario ó manual da FEDME, pero de aplicación preferente en Galicia.

Porén, este “Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo”, enfatiza o procedemento de marcaxe técnico a pé de campo, deixando para unha posterior regulación a Normativa de Homologación, polo que quedaba un baleiro normativo que, se ben nun principio se pensou sería suplido polo bo facer e entender dos Promotores das rutas, finalmente mostrou unha carencia reflectida na baixa calidade dos proxectos presentados, causante de múltiples problemas e da falta de Homologación de moitos sendeiros.

A Federación, que neste eido ten como fin o de garantir que o sendeirismo mostre cara á sociedade unha imaxe homoxénea, de calidade, de seguridade e de respecto ó medio ambiente, analizando o sistema desenvolvido ata o momento, e considerando que a figura de Técnico de Sendeiros formados pola FEDME, estaba suficientemente afianzada e regulada, procedeu a mudar o sistema de creación e homologación de rutas, dando unha maior responsabilidade a estes Técnicos que ata entón non tiñan. Esta experiencia ten acadado resultados moi positivos e está sendo moi ben valorada por outras Federacións de montañismo ibéricas, se ben ten mostrado algunha dificultade de aplicación en casos moi puntuais debido a dúbidas interpretacións interesadas e literais desta mesma norma, lonxe dos criterios xerais e aplicados dende xa hai bastante tempo no ámbito sendeirista en Galicia.

Polo tanto, tendo en conta as novas normativas da FEDME, a modificación do Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo e a experiencia desenvolvida pola aplicación da primeira Normativa de Homologación de Sendeiros en Galicia, procédese a actualizar o presente texto para facilitar a aplicación da mesma.

Por outra banda, a FGM non desexa que en Galicia poidan existir Promotores que pretendan obter unha contraprestación económica directa dos sendeiristas polo feito de transitar por un sendeiro homologado, xa que se parte da consideración de que esta actividade debe ser aberta e realizada sobre vías de libre acceso ó público.

Por todo o anterior, e ó abeiro do disposto no artigo 12.3 do “Manual de Senderos” da FEDME, a Federación Galega de Montañismo elabora a seguinte

NORMATIVA DE HOMOLOGACIÓN GALEGA

Capítulo 1

DA HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS E DOS ESTUDOS DE DEFINICIÓN DE SENDEIROS (EDS)

Art. 1.- Definición de Homologación

1.1. A Homologación é un proceso federativo interno, polo cal se permite o uso das marcas rexistradas da FEDME e xestionadas pola FGM, ós Promotores de sendeiros e redes de sendeiros. Os principais obxectivos da mesma son:

- a) Garantir a seguridade dos futuros usuarios.
- b) Comprobar o cumprimento do contemplado no “Manual de sendeiros da Federación Galega de Montañismo”.

c) Dar coherencia e homoxeneidade á rede galega de sendeiros homologados.

1.2. A presente normativa rexe no territorio galego para a creación dun sendeiro homologado, modificación do trazado dun xa existente, e para a solicitude dunha nova rehomologación de rutas que teñan sido deshomologadas.

1.3. En Galicia a FGM velará porque tódalas rutas homologadas sexan de libre acceso, transcorrendo principalmente por terreos públicos, ou privados que deseen o seu consentimento por escrito. Non serán homologables, e perderán inmediatamente a homologación se a tivesen, as rutas que pretendan obter calquera contraprestación económica polo tránsito das persoas, en concepto de entrada, canon, taxa, imposto, ou outra denominación que o Promotor (Administración Pública, empresa, etc) ou un terceiro puidese establecer.

Art. 2.- Definición de Entidade Promotora

2.1. A Entidade Promotora ou Promotor en Galicia será unha persoa xurídica: mancomunidades de concellos ou comarcas, concellos, asociacións, clubs, empresas, etc.

2.2. Terán preferencia coma entidades promotoras os clubs pertencentes á FGM. Para beneficiarse da redución en taxas e custes deberán acreditar ter unha antigüidade ininterrompida como entidade federada non inferior a 3 anos.

Art. 3.- O Proxecto de Sendeiro ou Estudo de Definición de Sendeiro (EDS). Contido mínimo.

O Proxecto de Sendeiro deberá cumprir o contido mínimo recollido no Manual da FEDME, e recibirá a denominación de “Estudo de Definición de Sendeiro” ou EDS para a súa presentación á FGM. O seu contido será:

3.1. Entidade Promotora

Especificarase a Entidade Promotora, sinalando o nome ou razón social, CIF ou NIF, representante legal, enderezo completo, teléfono, fax e correo electrónico, así como unha persoa física de contacto.

3.2. Entidade Realizadora

No caso de que a entidade que vai realizar os traballos de adecuación, limpeza e sinalización sexa distinta da Entidade Promotora, deberanse indicar os mesmos datos descritos no apartado 3.1.

3.3. Xustificación

Explicaranse os motivos que deron lugar á elaboración do Proxecto, comentando a orixe da idea, razóns que xustifican o seu interese (xeográfico, histórico, artístico, natural, etc.) e os obxectivos que se pretenden conseguir: desenvolvemento económico, cultural, turístico, e a súa conexión dentro dun proxecto máis amplo da zona.

3.4. Nome do sendeiro

Poderá ser un nome xenérico, un nome característico da zona ou lugares por onde discorre ou incluso un nome propio. Non poderán repetirse nomes idénticos a rutas xa homologadas anteriormente, aínda que no momento da solicitude as antigas estean deshomologadas. No caso de que cheguen dous proxectos co mesmo nome, terá prioridade o que se teña recibido antes na F.G.M.

3.5. Descrición do trazado

Descrición pormenorizada do percorrido no que se inclúa:

a) Descrición do trazado do sendeiro, con indicación de punto de saída e chegada, así como accesos a ambos.

b) A distancia. Indicarase a distancia reducida e a real, isto é, o cómputo total do percorrido do sendeiro, medido con rigor con ferramentas destinadas a tal fin, como a roda de medición topográfica.

c) Desniveis en metros. O desnivel neto será a diferenza en metros entre o punto máis alto e o punto máis baixo de todo o percorrido. Os desniveis

acumulados corresponden á suma en metros de tódalas subidas e baixadas que hai no percorrido. Especificarase tamén o desnivel en porcentaxe, tanto o neto, coma dos desniveis parciais, facendo fincapé nos desniveis de máis dificultade, onde se sinalará a lonxitude destes, e posibles axudas para superalos.

d) Os puntos de interese (históricos, artísticos, naturais, paisaxísticos, etnográficos, etc.). Tamén se referenciarán xeograficamente mediante coordenadas de posición UTM (fuso, lonxitude e latitude) os paneis informativos, postes de seguimento, ríos, aldeas, vilas, monumentos, etc., por onde transcorre o sendeiro, así coma os cambios de desnivel, os cruzamentos con outras vías e con outros sendeiros.

e) A dificultade (existencia de pasos delicados, trazado especialmente complicado para orientarse, etc.). Empregarase o sistema estandarizado MIDE recollido no Anexo I (ou o que estea vixente no momento da redacción do proxecto).

f) Tramos de asfalto: terán esta consideración de pavimento, o macadan, aglomerados asfálticos e outros produtos bituminosos. Indicarase a porcentaxe de asfalto dentro do percorrido global, e as distancias parciais destes tramos, expresadas en quilómetros, así coma a clasificación da estrada por tamaño, existencia de beirarrúas, frecuencia de uso e velocidade máxima permitida. No caso de que haxa pistas de terra, nas que circulen frecuentemente vehículos, farase expresa mención.

g) Natureza e titularidade dos terreos polos que discorre, cos permisos correspondentes. Deberán aparecer por escrito as autorizacións e permisos de paso, así como autorizacións de execución de obra e actuación no terreo, concedidos polas autoridades ou organismos competentes.

h) Tempo total estimado. É o que se necesita para realizar o sendeiro, segundo os parámetros de tempos medios, en relación coas distancias e desniveis, recollidos no sistema estandarizado MIDE.

i) Información sobre servizos ó longo do percorrido, que comprende dende fontes ata lugares de restauración e hospedaxe. Indicaranse tamén accesos e transportes públicos.

3.6. Cartografía

Presentarase o percorrido nun plano orixinal, en cor e a escala 1:25.000. Neste plano indicarase tódolos puntos de interese que se sinalaron no apartado anterior. A cartografía irá acompañada por un arquivo informático cos datos de descarga do GPS en coordenadas UTM (fuso, lonxitude e latitude) para o percorrido (datos xeralmente coñecidos como track) e outro no mesmo formato para tódolos puntos de interese (coñecidos como way-points). Ambos arquivos deberán ser presentados nos formatos admitidos no Anexo II desta Normativa.

3.7. Táboa de perfil de sendeiros

Tendo en conta os datos de referencia xeográficos, realizarase un perfil do percorrido indicando os puntos de interese máis importantes (de entre os que se incluían nos puntos 3.5.d) e 3.5.i), e sinalaranse os tramos ós que se facía referencia no apartado 3.5.f) e os de máis importancia no punto 3.5.c). Procurarase un gráfico de relación altura/distancia de 1/10, sempre que sexa posible.

3.8. Fases de execución

Detallarase o calendario previsto para a execución das distintas fases do proxecto.

3.9. Publicacións

Presentarase obrigatoriamente un modelo de folleto (para PR-G) ou topoguía (para GR) que servirá de soporte para dar a coñecer o percorrido. A topoguía deberá cingirse ó establecido no artigo 7 do “Manual de Senderos” da FEDME (ano 2004) ou outras que sexan desenvolvidas posteriormente. Deberase indicar a empresa ou entidade que se fará cargo dos custes da edición dos folletos ou topoguía.

3.10. Orzamento

Deberán detallarse os gastos para a realización do proxecto, tendo en conta os recursos humanos, materiais, técnicos e financeiros.

3.11. Mantemento

A responsabilidade do mantemento do sendeiro corresponde ó Promotor do mesmo. No

proxecto deberá especificarse o plan bienal para o mantemento, con presuposto incluído, e a persoa responsable de que se leve a cabo o mencionado plan.

A Federación Galega de Montañismo velará polo cumprimento do mantemento por parte do Promotor, mediante a “Inspección Técnica de Sendeiros” (ou ITS). O ente Promotor comprométese a corrixir as deficiencias que se destaquen no informe da ITS, atender as observacións fundadas que lle presente a FGM a través do seu Comité de Sendeiros, reservar nos seus presupostos unha partida que cubra os anteriores compromisos e a renovar este compromiso ó remate de seis anos.

3.12. Sinaturas

O proxecto EDS estará asinado obrigatoriamente por un Técnico de Sendeiros titulado pola FEDME, polo representante da Entidade Promotora e, no seu caso, por un representante da Entidade Realizadora.

Art. 4.- O Proxecto de Sendeiro (EDS). Elaboración, supervisión e sinatura.

Os Proxectos de Sendeiros EDS deberán ser elaborados por Técnicos de Sendeiros titulados pola FEDME e que cumpran co artigo 19 desta normativa, por clubs asociados á Federación Galega de Montañismo con máis de 3 anos de antigüidade, ou por empresas de recoñecido prestixio que xa teñan realizado en Galicia tres ou máis sendeiros, sempre que os proxectos e a realización cumprisen escrupulosamente coa normativa FEDME / FGM e teñan sido homologados pola FGM. Nestes dous últimos casos, correrá sempre a cargo dun Técnico de Sendeiros de Galicia, a supervisión e sinatura do Proxecto, condicións imprescindibles para a súa presentación ante a FGM. Os Técnicos de Sendeiros de Galicia que elaboren, supervisen ou asinen proxectos que se presenten ante a FGM, deberán coñecer, ademais da normativa de ámbito estatal, a normativa galega.

Art. 5.- O Proxecto de Sendeiro (EDS). Normas e criterios que se terán en conta no estudo.

5.1. Trazado do percorrido

a) Tratar de recuperar as antigas vías de comunicación, inda que na actualidade se atopen en desuso ou pechadas.

b) A lonxitude mínima dun sendeiro será de 4 quilómetros.

c) Evitar o máis posible os tramos de asfalto. Non se aceptarán proxectos nos que se supere un 10% de tramos descritos no apartado 3.5.f), ou nos que calquera destes tramos sexa superior a 750 metros lineais continuados independentemente da porcentaxe que supoña dentro do percorrido total.

d) Só será admisible unha excepción ó apartado 5.1.c) e non computarán dentro dese 10% de tramos asfaltados dos camiños pavimentados con superficies indicadas no apartado 3.5.f), si o trazado do sendeiro discorre entre vivendas das aldeas, barrios e lugares de menos de 100 veciños, sempre que sexa constatable que estes camiños teñan unha orixen ou antigüidade similar á das vivendas ás que dan servizo e cuio firme foi posteriormente adaptado para a circulación de persoas, carros do país, vehículos agrícolas e automóbiles da veciñanza.

Si nos accesos e saídas ás aldeas, barrios e lugares dos núcleos de poboación rural, non hai vivendas e superan os 3'5 metros de ancho, se considerarán a tódolos efectos como tramo asfaltado.

Esta norma busca preservar a esencia do recollido neste mesmo artigo, apartado 5.2, aliñas b) e c), polo que se recomenda facer un uso racional desta excepción, na que se permite a utilización de determinados camiños asfaltados para integralos no proxecto dun sendeiro.

En todo caso, a Vogalía de Sendeirismo da Federación Galega de Montañismo, en uso das súas atribucións, poderá considerar como tramo asfáltico, cando se faga un uso inadecuado deste apartado.

e) Os sendeiros non poderán transcorrer en paralelo a unha estrada se a

velocidade autorizada para a circulación motorizada pola mesma é superior a 50 km/h e se esta non ten beirarrúas ou pasos debidamente habilitados e sinalizados para uso peonil.

- f) Evitar no posible a ascensión a cumios de montaña.
- g) Evitar zonas perigosas ou de risco.
- h) Evitar o paso por “zonas fráxiles” (zonas de nidificación de aves e cría doutros animais ós que lles poida influír a presenza de persoas; zonas onde existan especies animais ou vexetais en risco de desaparición ou alteración, etc.)

i) Procurar que vaia dirixido á poboación en xeral, polo que deben evitarse grandes desniveis, pasos difíciles, ou grandes distancias entre puntos habitados. A pendente máxima permitida en calquera punto do trazado será do 20%, se ben poderán considerarse pendentes maiores en pequenos tramos, previa autorización do equipo técnico da Vogalía de Sendeirismo da FGM e, neste caso, será obrigada a construción de pasos e chanzos.

j) Límites do desnivel acumulado. A fin de favorecer o acceso da poboación xeral, o desnivel acumulado, que debe ser medido en calquera dos dous sentidos da ruta, estará suxeito ás seguintes restricións:

- i.) As rutas de menos de 25 quilómetros non poderán ter un desnivel acumulado de subida superior ós 1000 metros, en ningún dos dous sentidos individualmente.
- ii.) As rutas maiores de 25 quilómetros e inferiores a 50 quilómetros non poderán ter un desnivel acumulado de subida superior ós 1500 metros, en ningún dos dous sentidos individualmente.
- iii.) As rutas maiores de 50 quilómetros poderán ter desnivel acumulado de subida superior ós 1500 metros, sempre que non exista ningún tramo de menos de 25 quilómetros que incumpra o apartado 5.1.j.i.) anterior.

k) Como criterio xeral non serán admitidos percorridos que superen a cota dos 1000 metros sobre o nivel do mar. Para crear rutas en Galicia en cotas superiores ós 1000 metros deberá solicitarse unha excepción a este apartado de forma amplamente razoada aportando mapas da ruta e obterse unha autorización previa dende a Vogalía de Sendeirismo da Federación Galega de Montañismo.

5.2. Interese do percorrido

O seu interese principal será o turístico e de natureza, polo que non debe ser unicamente un interese deportivo. Deberanse buscar:

- a) Camiños vellos, con historia, etc.
- b) Aspectos artísticos, arqueolóxicos, etnográficos, naturais, etc.
- c) Posibilidade de contactar coas xentes do lugar.
- d) Apoio ó desenvolvemento sostible da zona.
- e) Outros aspectos.

5.3. Coordinación de iniciativas

Evitarase presentar proxectos particulares naqueles casos nos que se poida saber ou intuír que nun futuro próximo haberá un proxecto máis amplo na mesma zona. No caso de levarse a cabo a idea, teranse en conta futuras actuacións, tentando que se integren os proxectos e evitando a coincidencia nos trazados.

5.4. Circunscrición dos proxectos

O ámbito dos proxectos poderá ser:

- a) A asociación ou mancomunidade de varios concellos.
- b) Un val.
- c) Unha comarca.
- d) Un concello.

As fronteiras xurisdicionais non teñen por qué ser o límite dos sendeiros, pero se estes superan un límite municipal, deberá ser co consentimento e os debidos permisos correspondentes, e tendo en conta os posibles plans de elaboración de redes de sendeiros do outro municipio.

Art. 6.- Procedemento de Homologación de Sendeiros e Inspeccións de Homologación negativas.

Os pasos a seguir para acadar a Homologación dun sendeiro son:

6.1. O Promotor, a través do Técnico de Sendeiros asinante do EDS, solicitará por escrito o inicio da tramitación para a Homologación do Sendeiro, ben sexa de nova creación, ben de ampliación ou ben de modificación dun existente. Fará constar tódolos datos da entidade, e un teléfono ou medio de contacto da persoa encargada. Poderá facelo nos impresos normalizados que serán facilitados pola FGM.

6.2. O Promotor, a través do Técnico de Sendeiros asinante do EDS, deberá remitir xunto cos documentos anteriores á FGM, un Estudo de Definición de Sendeiro (EDS) que cumpra os puntos 3, 4 e 5, incluíndo graficamente o itinerario proposto sobre cartografía orixinal, a cor, e a escala 1:25.000.

6.3. A Vogalía de Sendeirismo da FGM, poderá solicitar a presenza do Técnico de Sendeiros asinante do EDS para demandar explicacións ou emendar dúbidas sobre o proxecto. Se é admitido o EDS como válido, a Federación enviará os formularios correspondentes coas tarifas ou taxas vixentes de homologación da ruta e as costas anticipadas correspondentes a 3 revisións tipo ITS, recollidas no capítulo 2 desta normativa.

6.4. Tralo pagamento das taxas polo Promotor, a Vogalía de Sendeirismo terá un trazo non superior a dous meses para a emisión dunha autorización provisional que permita realizar a marcaxe da ruta cos sinais rexistrados, e cunha asignación, tamén provisional, dun número para identificar ó sendeiro. Esta comunicación será realizada ó Técnico asinante do EDS, que será responsable mancomunado xunto co Promotor da execución correcta da sinalización da ruta.

6.5. O Promotor terá un prazo máximo dun ano dende a notificación para realizar a marcaxe completa e acondicionamento do percorrido. Unha vez rematado este traballo, deberá remitir á FGM, a través do Técnico de Sendeiros asinante do EDS e co seu visto e praxe, a comunicación da finalización da sinalización.

6.6. A Vogalía de Sendeiros designará, respectando escrupulosamente o artigo 22 desta normativa, a un Técnico de Sendeiros como Técnico de Inspección (e será denominado Inspector). Este Inspector ten a obriga de realizar unha revisión completa do percorrido, comprobando que se axuste ó proxecto entregado, realizando fotografías, tomando referencias xeográficas con GPS, e valorando o estado de sinalización e acondicionamento. Tras esta revisión, emitirá informe que enviará á Vogalía de Sendeirismo. No caso de que non fose favorable o informe, realizarase un documento resumido denominado Informe de Homologación Negativo no que non será preceptivo unha descrición pormenorizada dos erros. A continuación o Promotor deberá pagar os custes da inspección negativa e terá un novo período de un mes para solventar as deficiencias. Se pasado este período, non fosen pagadas as taxas e solventadas as deficiencias, retirarase o número provisional e o Promotor e o Técnico de Sendeiros asinante do EDS estarán obrigados a retirar do percorrido as marcas rexistradas pola FEDME.

6.7. No caso de que o informe fose favorable, quedará homologado o sendeiro. Isto obrigará á FGM a emitir un documento de homologación que será entregado ó Técnico de Sendeiros asinante do EDS. Así mesmo, obrígase á FGM a publicitalo en tódalas guías que se emitan a partir de entón, e a dar coñecemento á FEDME. O Promotor queda obrigado ó mantemento que se establece no apartado 3.11.

Capítulo 2
DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE SENDEIROS (ITS)

Art. 7.- A Federación Galega de Montañismo como ente supervisor.

Para garantir a calidade das rutas e manter unha imaxe ante a Sociedade que demanda estes produtos, a Federación Galega de Montañismo velará que os Promotores cumpran coa súa obriga. De manter os sendeiros en perfectas condicións. Así, cada dous (2) anos dende a Homologación dunha ruta, a FGM comprométese a realizar unha revisión denominada “Inspección Técnica de Sendeiros” (ITS).

Art. 8.- Inspección Técnica de Sendeiros.

A ITS consistirá nun recoñecemento completo do percorrido por un equipo de Técnicos de Sendeiros designados pola FGM e na emisión dun informe sobre a situación do mesmo. En canto á designación dos técnicos cumprírase sempre a limitación sobre incompatibilidades do artigo 22.

Art. 9.- O custe da ITS será por conta do Promotor do sendeiro. A FGM comunicará en tempo e forma as taxas a pagar polo Promotor previas á visita. As taxas das tres (3) primeiras ITS serán pagadas polo Promotor xunto coas taxas de Homologación, cubrindo un período de tres bienios. Pasados seis (6) anos serán aboadas anticipadamente as taxas das tres seguintes ITS, cubrindo outro período de tres bienios, e así sucesivamente no futuro. O Promotor recibirá sempre unha comunicación por parte da FGM para que realice o pagamento no lugar e forma que se determine.

9.1. O Promotor deberá contestar a esa comunicación e pagar as taxas no prazo improrrogable de 3 meses.

9.2. O Promotor que incumpra o prazo, non satisfaga as taxas ou non dea contestación ós requirimentos da FGM, recibirá un informe de ITS negativo, podendo ser elaborado sen precisar da visita técnica, onde só será recollido como “motivo de inicio de proceso de deshomologación a falla da necesaria dilixencia do Promotor”. Inmediatamente, trala comunicación ó Promotor mediante un correo fidedigno, indubidable e que dea fe desta circunstancia, abrírase o prazo de audiencia e cautela improrrogable de 3 meses para que o Promotor poida responder ante a FGM, seguíndose a continuación a regulamentación recollida no artigo 13.

Art. 10.- O resultado da ITS será recollido nun informe no que se indicará se o resultado da inspección foi favorable, con advertencias ou negativo.

Art. 11.- No caso de que a ITS sexa positiva, a FGM expedirá un Certificado Favorable que será remitido ó Promotor xunto cunha etiqueta adhesiva para colocar nos paneis de inicio e fin de ruta, a modo de garantía de calidade fronte ós turistas e deportistas. Esta certificación favorable tamén será comunicada ó público mediante as diversas publicacións dependentes da FGM e na páxina web oficial da FGM.

Art. 12.- Se na ITS fosen apreciadas deficiencias emendables, a FGM remitirá un Informe con Advertencias para que o Promotor, no prazo máximo de 3 meses, corrixa os problemas. Unha vez solucionadas as advertencias, o Promotor solicitará, mediante un novo pagamento das taxas correspondentes se procedese, outra visita de inspección. O resultado do novo informe poderá ser favorable, con advertencias ou negativo.

12.1. A realización de 3 informes consecutivos con advertencias, equivale a considerar o percorrido deshomologado por desidia do Promotor, sen que teñan que concorrer os prazos de audiencia e cautela recollidos no artigo 13.

12.2. Se tralo vencemento de 3 meses de calquera dos informes con advertencias, o Promotor non fixese actuación ningunha, o percorrido será deshomologado, sen que teñan que concorrer os prazos de audiencia e cautela recollidos no artigo 13.

12.3. A situación dunha ruta con deficiencias emendables ou deshomologada será comunicada ó público mediante as diversas publicacións dependentes da FGM e na páxina web oficial da FGM.

Art. 13.- Se durante a ITS a ruta presentase unhas Deficiencias de Carácter Negativo, será iniciado o proceso de deshomologación. Dada a gravidade desta actuación, este proceso será comunicado ó Promotor mediante un correo fidedigno, indubidable e que dea fe desta

circunstancia, abríndose un prazo de audiencia e cautela improrrogable de 3 meses para que o Promotor poida responder ante a FGM. Este artigo será de aplicación para os Promotores que se atopen nas circunstancias mencionadas no artigo 9.2.

13.1. O Promotor deberá presentar antes de 3 meses un Informe Oficial asinado por un Técnico de Sendeiros titulado FEDME, que acredite a situación inicial, os problemas graves existentes, os medios de corrección dos mesmos, os elementos para realizar as actuacións pertinentes, e o prazo de execución das medidas necesarias.

13.2. O Promotor terá 6 meses de prazo máximo dende a primeira comunicación para solicitar unha nova ITS, que deberá ser favorable na primeira visita. En caso contrario ou se se excedese o prazo de 6 meses a ruta será deshomologada inmediatamente.

13.3. A situación dunha ruta con deficiencias de carácter negativo ou deshomologada será comunicada ó público mediante as diversas publicacións dependentes da FGM e na páxina web oficial da FGM.

Art. 14.- Unha ruta oficialmente deshomologada poderá solicitar a súa nova homologación cumprindo absolutamente tódolos trámites coma unha nova ruta.

Art. 15.- Se unha ruta deshomologada non inicia os trámites de homologación ou transcorren tres meses dende a comunicación desta situación, o Promotor deberá retirar tódalas marcas de sendeiros, balizas e paneis referentes á ruta e que utilicen as marcas rexistradas pola FEDME e FGM, así como calquera medio público de información da ruta (folletos, guías, páxinas web, etc.).

Art. 16.- Non eliminar as marcas segundo o artigo 15, deberá ser considerado pola FGM como unha violación da Lei de Marcas, xa que o código de sinais que identifican os sendeiros está rexistrado na Oficina Española de Patentes e Marcas. A FEDME e/ou a FGM poderán solicitar:

16.1. A cesación dos actos que violen os seus dereitos.

16.2. A indemnización dos danos, perdas e prexuízos sufridos.

16.3. Indemnizacións coercitivas ata que se produza a cesación efectiva da violación.

Capítulo 3 **DOS TÉCNICOS DE SENDEIROS DE GALICIA**

Art. 17.- Son Técnicos de Sendeiros aquelas persoas que teñan realizado o correspondente Curso Oficial da FEDME, realizadas as prácticas e obtido a titulación habilitadora, así como a posterior admisión pola EEAM.

Art. 18.- Ademais dos requisitos anteriores deberán manter ó corrente o seu Libro de Estudos e Carné de Técnico da EEAM, e posuír a Licenza Deportiva FEDME actualizada.

Art. 19.- Serán considerados Técnicos de Sendeiros de Galicia, os técnicos que posúan a licenza deportiva expedida pola FGM e que teñan solicitado a súa inclusión na “listaxe oficial de Técnicos de Sendeiros Galegos” e non fosen dados de baixa en aplicación do réxime sancionador. Esta listaxe será xestionada na FGM, polo responsable designado a este fin, e que no seu defecto será o Vogal de Sendeirismo ou o Presidente da FGM.

Art. 20.- A listaxe será pública parcialmente, publicándose os nomes dos técnicos e a súa dispoñibilidade. Os demais datos persoais e de actividades realizadas serán de carácter interno da propia FGM, respectando a Lei Orgánica de Protección de Datos.

Art. 21.- A dispoñibilidade dos técnicos fai referencia á seguinte clasificación:

21.1. Técnicos non exercentes: son aqueles que, trala obtención do título e a súa

inclusión na listaxe da FGM, no presente non estean realizando os labores propios do técnico nin estean dispoñibles para colaborar coa FGM. Esta situación será solicitada polo propio interesado ou promovida polo Vogal de Sendeirismo e co Visto e Prace do Presidente. Será unha situación transitoria e reversible.

21.2. Técnicos exercentes: son tódolos técnicos en activo. Dentro desta clasificación serán diferenciados os técnicos federativos e os técnicos profesionais.

a) Técnicos federativos: son os Técnicos de Sendeiros que realizan o seu traballo de forma voluntaria a favor da FGM. As súas funcións principais son asesorar, inspeccionar e elaborar informes de homologación por solicitude da FGM. Os seus gastos serán compensados economicamente pola FGM segundo a normativa da FGM. A súa colaboración coa FGM será recompensada mediante un informe favorable necesario para a renovación anual do libro técnico de estudos. Terán preferencia nos labores federativos sobre os profesionais.

b) Técnicos profesionais: son aqueles técnicos exercentes que realizan de forma profesional, por si ou para outros, labores relacionados co sendeirismo. Comparten as obrigas e beneficios dos técnicos federativos pero, pola contra, non terán preferencia nos labores federativos por motivos éticos e de incompatibilidade, sendo a súa dispoñibilidade para a FGM subsidiaria a que non existan técnicos federativos dispoñibles. Os técnicos profesionais están obrigados a dar a coñecer a súa situación, solicitando a inclusión na listaxe como profesionais. A FGM poderá esixir a documentación fiscal que garanta esta situación.

Art. 22.- Incompatibilidades.

Por razóns éticas, morais e legais, establécese a seguinte norma de incompatibilidade: “Os técnicos exercentes non poderán realizar tarefas de inspección e informes para a homologación sobre rutas nas que teñan participado na redacción do EDS, na sinalización ou na subministración de material de sinalización”, salvo para aquelas rutas que sexan de iniciativa da propia Federación.

Art. 23.- Obrigas de tipo anual.

Cada técnico exercente deberá remitir, antes do 15 de febreiro de cada ano, unha fotocopia do libro técnico da EEAM coas actividades realizadas o ano anterior. Esta fotocopia será incluída nun dossier persoal que a FGM levará de cada técnico exercente.

Art. 24.- Funcións dos Técnicos de Sendeiros.

24.1. As funcións principais dos Técnicos de Sendeiros son as recollidas no Manual de Sendeiros da FEDME no apartado 15, e en especial as de:

- a)** Elaboración dos proxectos EDS para un sendeiro ou unha rede.
- b)** Execución do proxecto dun sendeiro ou unha rede.
- c)** Asesoramento cualificado sobre sendeiros ou redes a particulares ou entidades.
- d)** Intervención no proceso de homologación federativa.

Os puntos a), b) e c) poderán exercerse de forma profesional, sendo o punto d) un apartado que debe ser unicamente executado de forma non profesional e a instancias da Federación.

24.2. Ademais dos puntos anteriores, será obrigatoria a sinatura dun Técnico de Sendeiros en calquera EDS que sexa presentado ante a FGM, quedando obrigado o Técnico, mediante a seu visto e prace rubricado, a garantir a calidade do EDS.

Art. 25.- Do réxime sancionador dos Técnicos de Sendeiros.

25.1. O Técnico de Sendeiros que non cumpra coa calidade dos traballos presentados, coas normativas en materias de sendeirismo, ou que realice actos de mala fe en prexuízo do deporte, do turismo, da natureza, da Federación Galega de Montañismo (FGM), da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), ou de Institucións Públicas ou Privadas de Galicia, será apercibido sobre o particular mediante un escrito

dende a FGM en canto se tivese constancia do particular, sempre que non tivese mediado máis dun ano dende a infracción ata a constancia da mesma na FGM.

25.2. Se as condutas sancionables fosen reiteradas tres veces nun ano, ou catro en cinco anos, sempre previo apercibimento por escrito, será sancionado por mala praxe, impedíndolle a presentación de máis proxectos EDS e comunicando o particular á EEAM para a súa posible baixa como Técnico de Sendeiros.

